



## **REGULAMENTO MARCO CONGRESOS COMARCAIS**

### **DISPOSICIONS XERAIS**

#### **Artigo 1º**

De conformidade cos vixentes estatutos do Partido Popular e segundo o acordo da Xunta Directiva Provincial do día 8 de abril de 2016, os Congressos Comarcais do Partido, celebrarás nas distintas localidades atendendo os requisitos e prazos marcados nas convocatorias, rexidas seguindo o regulamento Marco de Congressos.

#### **Artigo 2º**

O Congreso celebrarás no lugar e hora sinalados na convocatoria virada os afiliados nos prazos marcados no Regulamento Marco de Congressos.

#### **Artigo 3º**

As competencias deste Congreso son as mesmas que veñen determinadas nos estatutos do Partido Popular e no Regulamento de Organización Autonómico

### **TITULO PRIMEIRO**

#### **COMPOSICIÓN E DESENROLO DO CONGRESO**

#### **Artigo 4º**

O congreso será Asambleario, tódolos afiliados que gocen da súa plena condición terán dereito a voz e voto, participando nas decisións que adopte o Congreso e na elección dos órganos directivos do Partido.

#### **Artigo 5º**

O Secretario Provincial do Partido, ou a persoa en quen delegue, abrirá o respectivo Congreso, no lugar, data e horas fixadas na convocatoria, con independencia do número de afiliados presentes nese momento. Ó Congreso tamén podrán asistir invitados, observadores e representantes dos medios de comunicación.

## **TITULO SEGUNDO**

### **PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

#### **Artigo 6º**

Unha vez acordada a celebración do Congreso pola Xunta Directiva Provincial, calquer afiliado pleno poderá presentarse como candidato sempre e cando conte co apoio do número de afiliados indicado na convocatoria.

As follas oficiais estarán na Oficina Provincial do Partido

#### **Artigo 7º**

O primeiro nome da lista de candidatura será o do candidato a Coordinador Comarcal do correspondente Comité. As listas serán pechadas e deberán ser avaladas por afiliados que teñan a condición plena. Os afiliados que avalen a unha candidatura non poden avala a outra diferente.

#### **Artigo 8º**

As candidaturas deberán presentarse nas oficinas provinciais do Partido, sitas na Rúa Poeta Ramón Cabanilla, 14-baixo de Lugo, o virarse por fax ou correo electrónico nos prazos marcados na convocatoria.

#### **Artigo 9º**

Unha vez proclamadas as candidaturas, e anunciadas as mesmas polo Secretario Provincial, deberán someterse a súa elección, mediante votación segreda, seguindo a orde do día. No caso de que non se presentara máis dunha candidatura poderá votarse por aclamación.

## **TITULO TERCEIRO**

### **DO CONGRESO**

#### **Artigo 10º**

O Congreso sera rexido polo Secretario Provincial do Partido ou en quen delegue. Estas funcións poden ser auxiliadas, con voz pero sin voto, por un interventor proposto por cada unha das candidaturas presentadas, sempre que exista máis dunha.

#### **Artigo 11º**

O Secretario Provincial dirixirá o desenvolvemento do Congreso, segundo a orde do día previsto, e resolverá as incidencias que poidan existir no mesmo, especialmente nas votacións e no escrutinio das papeletas, dando conta ó Congreso das reclamacións efectuadas e das resolucións

adoptadas.

### **Artigo 12º**

Contra ditas resolucións, calquera afiliado interesado poderá elevar reclamación ante o Comité Executivo Provincial, nun prazo máximo de 48 horas, dende a hora do comenzo do Congreso. Este órgano resolverá as reclamacións nun prazo de tres días, dende a súa presentación, sendo as súas decisións inapelables.

## **TÍTULO CUARTO**

### **DA ELECCIÓN DAS CANDIDATURAS**

#### **Artigo 13º**

A elección das candidaturas faráse mediante papeletas, que serán depositadas na correspondente urna, sendo válidas as que digan : *Dou o meu voto a candidatura encabezada por D..... (o nome do Coordinador/a).*

#### **Artigo 14º**

Cada afiliado incluído no listado, previa a súa identificación polos medios oportunos, poderá depositar a súa papeleta nas correspondentes urnas situadas nos locais do Congreso.

#### **Artigo 15º**

Finalizada a votación, a Mesa realizará o escrutinio das votacións e proclamará a candidatura que obtivera o maior número de votos.

#### **Artigo 16º**

Unha vez proclamado o Comité elixido a Mesa dará por pechado o proceso electoral e comenará o acto de clausura do Congreso.

#### **Artigo 17º**

O Secretario Provincial levantará acta do desenvolvemento do mesmo, especialmente do escrutinio e de cantas incidencias puideran producirse.

## **TÍTULO QUINTO**

### **DAS IMPUGNACIÓNS DAS RESOLUCIONES DAS MESAS**

#### **Artigo 18º**

Para as impugnacións dos acordos e resolucións da Mesa, que afecten o desenvolvemento do Congreso, será competente o Comité de Dereitos e Garantías do Partido en Galicia e deberán fundamentarse en infraccións estatutarias ou regulamentarias.

### **Artigo 19º**

As impugnacións podrán ser presentadas polo candidato a Presidente do Comité Local , a través da Oficina Provincial do Partido, no prazo máximo de 48 horas despois da clausura do Congreso.

### **DISPOSICIÓN XERAL**

### **Artigo 20º**

Para todo o non previsto neste Regulamento, será de aplicación o disposto nos vixentes Estatutos do Partido Popular e no Regulamento Marco de Congresos.